

NOME DA ACTIVIDADE

- **O meu mundo, o meu país, a miña rexión.**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B1**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Aspectos e símbolos culturais e sociais do país.
- Desinhibición para a participación na clase e activación do grupo.
- Preguntas e respostas de información persoal e coñecemento doutras persoas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer de xeito máis intenso ás e aos participantes do grupo.
- Recoller material que servirá de apoio á animadora ou ao animador para o desenvolvemento das aulas.
- Crear debate e reflexión no grupo e favorecer a comunicación

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE HAI QUE TER EN CONTA

- Aproveitaremos o feito de facer os grupos para ir introducindo diferentes técnicas de traballo en equipo.
- É moi importante chegar a unha listaxe única, por medio do consenso.
- Todas as listas son válidas, as individuais, as dos pequenos grupos e a definitiva do gran grupo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Cada xogador escribe nun papel as 5 cousas que levaría do seu planeta, país ou aldea, como mostra da súa esencia. Unha vez feito isto, reúnense en grupos para contrastar o que seleccionaron de xeito individual e facer unha listaxe única no caso de que esteamos a falar do mesmo mundo, país e aldea.

MATERIAIS PARA A FICHA

Eu do meu mundo levaría	Eu do meu país levaría	Eu da miña rexión levaría